



**ACTA DO XURADO POLO QUE SE AVALÍAN OS TRABALLOS
PRESENTADOS Á CONVOCATORIA DA TERCEIRA EDICIÓN DOS PREMIOS
ERNESTINA OTERO SESTELO QUE TIVO LUGAR O 27 DE DECEMBRO DE
2021.**

No andar primeiro do Centro de Información á Muller do Concello de Pontevedra, sendo as dezaseis horas e dez minutos do día 27 de decembro de 2021, reúñese o Xurado para a avaliación dos traballos presentados para á convocatoria da terceira edición dos Premios Ernestina Otero Sestelo, estando integrado o dito xurado polas seguintes persoas:

- **Representantes do Concello:** Gloria Blanco Rial, Vanesa Estévez Baquero e José Ángel Ruibal Pérez.
- **Representantes do ámbito educativo:** María Jesús Enguídanos Floreani, Luisa Márquez Rodríguez e Manuel Puga Pereira.

Actúan como presidenta e secretaria do xurado Rosa Campos Briones, directora do CIM, e Mercedes Melero Adrio, respectivamente, **cun único punto na orde do día:**

Conceder os Premios Ernestina Otero Sestelo 2021 para a incorporación da perspectiva de xénero nos centros educativos do Concello de Pontevedra.

Foron cinco os traballos recibidos nas dependencias municipais, un na categoría A e catro na categoría B.

Segundo as bases reguladoras da convocatoria concederanse doux premios nas dúas categorías propostas cunha dotación económica de 900 e 500 €, respectivamente, podendo ser declarados desertos no caso de non se atopar a calidade suficiente para outorgalos.

Ademais, o apartado terceiro das bases reguladoras da convocatoria establece que, con carácter excepcional e por acordo motivado, o Xurado poderá acordar a redistribución da contía de premios declarados desertos entre o resto de centros premiados.

Uha vez debatido o contido dos traballos, **ACÓRDASE** por unanimidade do Xurado conceder os premios ás seguintes candidaturas:

Categoría A: Educación Infantil e Primaria

Primeiro premio: Por poñer en valor ás mulleres que temos preto, aquelas que nos abriron paso e que nos facilitaron o camiño en moitas facetas da vida para poder hoxe convivir nun lugar mellor e por dar a coñecer referentes

femininos na ciencia e os seus descubrimentos e investigacións, **concédese o primeiro premio ao proxecto “As do noso carón, MULLERES son!” do CEIP San Martiño.**

Segundo Premio: DESERTO

Categoría B: Educación secundaria e postobrigatoria non universitaria.

Primeiro premio: Por ampliar a difusión dos contidos de igualdade ás aulas, tanto dende as titorías e orientación, como intervindo nos currículos das materias, plantexando proxectos de traballo transversal e multidisciplinar e crear un banco de recursos que sirva de referente para toda a comunidade educativa; por formar equipas docentes que reflexionen sobre como fazer clases desde unha perspectiva coeducativa, prestando especial atención ao traballo das emocións, os afectos e as condutas nas aulas, **concédese o primeiro premio ao proxecto “Igualdade desde a transversalidade” do IES Luis Seoane.**

Segundo premio: Pola ampla implicación interdepartamental e transversal en secundaria e bacharelato, por facer un estudo integral e multidisciplinar da muller partindo da contorna inmediata do alumnado para chegar a un ámbito internacional, por revisar o pasado dende un punto de vista feminista e igualitario; por integrar os contidos curriculares en proxectos colaborativos e pola divulgación pública na web mediante as canles de Telegram, Youtube, Instagram e Facebook e mediante un curso virtual, **concédese o segundo premio ao proxecto “Entre donas ás beiras do Lérez” do IES Sanchez Cantón.**

O Xurado acorda por unanimidade, en virtude do apartado terceiro das bases reguladoras da convocatoria, incrementar a contía do primeiro premio da categoría A, de Educación Infantil e Primaria, cunha dotación económica de 500 €, ao ser declarado deserto o segundo premio desta categoría, quedando do seguinte xeito:

- 500 € para o CEIP San Martiño, polo traballo desenvolvido no centro en todas as etapas educativas e pola calidade do proxecto presentado, que recibirá en concepto de primeiro premio da Categoría A un total de 1.400 €.

O xurado quere facer unha mención especial ao CPR Plurilingüe Nuestra Sra. de los Dolores pola creatividade e alto impacto a nivel visual das actividades presentadas.

Así mesmo, desexa facer constar expresamente o seu recoñecemento e agradecemento a todos os centros participantes nesta convocatoria.



E non sendo outro o motivo deste acto, dase por rematado ás 17,45 horas, no lugar e data indicados, en Pontevedra a 27 de decembro de 2021.

Rosa María Campos Briones

Mercedes Melero Adrio

Luisa Márquez Rodríguez

Manuel Puga Pereira

Mª. Jesús Enguídanos Floreani

Gloria Blanco Rial

Vanesa Estévez Baquero

José Ángel Ruibal Pérez

